

A REFORMA: DUNHA PEDAGOXÍA DO "TER" A UNHA PEDAGOXÍA DO "SER". O RETO DUN CAMBIO DE PARADIGMA

Anne HAIRE

Instituto de Bacharelato A Xunqueira II de Pontevedra

"Cada estudante é o suxeito da súa propia aprendizaxe e non o obxecto dos proxectos, desexos e obxectivos do profesor nin do sistema social": tal é a dirección dos últimos avances en Psicoloxía que a Reforma Educativa en España está tratando de introducir no sistema educativo. As recompensas en vitalidade para as xeracións futuras de mozas e mozos e para a sociedade galega como un todo de asumir esta reforma en profundidade e na súa verdadeira inspiración e espírito serán grandes: desenvolvería a autoestima do estudante; contribuiría ó proceso de descubrimento persoal por parte do estudante; a educación como práctica da liberdade, o despertar das necesidades, desexos e intereses do estudante, a súa creatividade. O máis novidoso aspecto da reforma é a súa insistencia en que o profesor "comprenda as dimensións persoais e interpersoais do proceso educativo", que é precisamente un dos aspectos máis negligidos nos cursos que se veñen ofrecendo de formación do profesorado. A importancia de insistir na "apertura de este mundo interpersoal" á educación, de decodificar estereotipos de comportamento nas relacións entre profesor e estudante, é a pedra angular do éxito desta reforma educativa. Hai unha gran necesidade de poñer ó dispor dos profesores técnicas da psicoloxía moderna tales como a xestalt, análise transaccional, psicodrama e dinámicas de grupo.

Os últimos decenios veñen de producir unha incontestable gamma de coñecementos sobre leis psicolóxicas. A súa recepción e integración na educación deron como froito en España a Reforma Educativa. Este artigo intentará explorar como isto nos afecta ós profesionais da educación e como nos ha de axudar a entende-la transcendencia desta reforma e a comprender tamén moitas das resistencias cara ela. Finalmente intentaremos ver cales serían as recompensas para a vitalidade das xeracións de nenos e nenas que o han de experimentar, e as consecuencias que podería ter para a sociedade galega asumir esta reforma en profundidade, no seu verdadeiro espírito e inspiración.

Ó longo da historia moitos pedagogos intuiron que o proceso pedagóxico nunca é neutro. Pablo Freire declara en *Pedagogía dos oprimidos* que a educación, "ou ben non é o instrumento para facilita-la integración da xeración máis nova á lóxica do presente sistema, e procura a súa conformidade con ela, ou se converte na práctica da liberdade". Montaigne no século XVI afirma que "educar non é encher un recipiente, senón prender un lume". Todos sabemos tamén o que significa o verbo "e-ducar" en latín, así que o debate non é novo.

Teño a impresión por tódolos documentos que teño lido sobre a reforma que esta vén de tomar partido por "prender lumes" no canto de "encher vasos". A anterior transmisión xerárquica, e por conseguinte vertical, está sendo subs-

tituída pola expansión horizontal duns coñecementos prácticos baseados na experiencia. Empézase sempre desde onde está o alumno, desde o seu medio inmediato, físico, psíquico e socio-cultural para desenvolve-los coñecementos que importan ó alumno. Empezamos a ve-la transición dunha pedagogía do ter, centrada nunha acumulación de coñecementos intelectuais, a unha pedagogía do ser, dirixida cara o coñecemento baseado na experiencia. Nunha pedagogía do ser, o alumno participa coa súa persoa e a súa personalidade nunhas actividades pactadas. O docente terá que conxugar tanto a situación do alumno como os coñecementos a impartir, asegurándose de que o segundo está ó servizo do primeiro e non ó revés, como moitas veces acontecía na pedagogía tradicional. A pedagogía do ser concerne ó presente e intenta dar conta das circunstancias presentes dos alumnos; non ten como meta unha preparación interminable para ser no futuro, senón a acción inmediata e directa. Os contidos non se impoñen desde fóra senón que se sitúan no presente dos participantes. Todo o que se fai debe ter un dobre interese, hai que poder gozar das actividades en si mesmas e ademais estas han servir para estende-lo seu dominio e coñecemento do medio físico e social. As actividades interesan ó neno como persoa e non só como alumno. Desta maneira o docente espertará as necesidades, desexos e intereses que os alumnos levan dentro. Ser creativo significa sobre todo estar en contacto con un mesmo, co propio desexo. Se se está en contacto cos propios sentimentos e desexos, a relación co novo será sempre espontáneo e vivo, e en consecuencia creativo. O goce e o xogo espertarán a curiosidade.

Na miña opinión, todo isto dimana dos documentos e da metodoloxía que lin. Todo o anterior implica, e creo que a Administración é consciente diso, un gran cambio no papel e función do docente. Na pedagogía tradicional é, en principio, responsabilidade do alumno aprende-lo que o profesor e o programa seleccionan. Pola contra, na pedagogía do ser o profesor pasa a ocupar unha posición de animador ou dinamizador dun proceso e non é unha persoa encargada exclusivamente de conseguir resultados. O papel do profesor cambiou, e de se-lo actor principal pasa a se-lo produtor da obra. Encárgase de presentalas actividades e ofrecer un marco de actuación. Ten unha función reguladora, prové do material da asignatura en resposta a unha demanda do alumno e despois refíre todo ó uso normalizado da asignatura que se trata. Ten que introducir unha nota de rigor sen perde-la enerxía creativa xenerada.

Polo tanto, nesta nova pedagogía o profesor ocupase non só do contido, senón tamén do desenvolvemento persoal do alumno e das relacións humanas. Todo proceso de aprendizaxe é un proceso de cambio e por conseguinte o que facemos ha de conducir a modos fixos e conformismo no pensamento, ou ha contribuír a un proceso de descubrimento persoal por parte do alumno. É importante que o profesor recapacite sobre que tipos de comportamento está fomentando cando ensina. Neste tipo de pedagogía o profesor ten que preocuparse máis de como crea-las condicións necesarias para a adquisición de coñece-

mentos. Cómpre que saiba facilita-lo desenvolvemento da receptividade e capacidade de expresión do alumno/a. Como dinamizador terá que aprender xunto cos alumno/as, tendo coidado de non impo-las súas demandas en referencia a algún futuro incerto, xa que non se trata de empexalos por un camiño para chegar a un fin sen ter experimentado primeiro o proceso. Cada alumno/a é o suxeito da súa propia aprendizaxe e non o obxecto dos proxectos, desexos e intencións do profesor e do sistema social. No canto de ensinar terá que educar; en lugar de impoñer haberá de propoñer; en lugar de sinala-lo camiño haberá de acompañar. Todo isto esixe un acercamento á persoa na súa totalidade, unha persoa que aprende está involucrada física, afectiva e intelectualmente, e todo dentro dun contexto social e espiritual. A pedagogía tradicional valoraba sobremaneira o intelecto. A nova pedagogía decátase da interacción entre o físico, o afectivo e o intelectual, e evidencia que suprimi-las emocións ten un impacto sobre o desenvolvemento intelectual, as actitudes abertas, e ergue barreiras defensivas que iniben o funcionamento da mente. Pola súa banda, o intelecto pode canaliza-los desbordamentos da emoción. Non hai dúbida de que unha asociación libre e complementaria entre estas tres funcións é o mellor ambiente para a aprendizaxe.

Os cambios pedagóxicos propostos precisan o ensanchamento da área de responsabilidade do profesor, que ten que:

- a) Ter un dominio do contido da asignatura.
- b) Aplicar unha metodoloía adecuada para impartila.
- c) Entende-las dimensións persoais e interpersoais de todo o proceso.

O terceiro destes apartados paréceme o máis novidoso e importante para a Reforma, e sen embargo, na miña experiencia, é o menos atendido nos cursos de formación do profesorado. Os postulados psicolóxicos sobre os que descansa a nova pedagogía non están sendo explicados con rigor. Esta transición non resulta fácil para un profesorado que se formou cunha pedagogía tradicional. Cando o enfoque do ensino se centra no alumno, o profesor ten que desenvolver unha capacidade de autoexame e de mellora dos seus coñecementos sobre a estrutura e tipos de relacións. Debe ser consciente das transferencias e contra-transferencias, proxeccións, preocupacións, medos e vulnerabilidade das situacións que se poden dar no ensino. É preciso que estea en contacto coas súas propias intencións, as súas esperanzas, os seus sonhos pedagóxicos, é dicir, cos seus anxeos máis fondos, conscientes e inconscientes, no labor de ensinar. As relacións interpersoais están no cerne da profesión docente e os profesores deben entende-la posibilidade dunha transformación enorme nas actitudes e comportamentos dentro da aula, o coñecemento do que significa ser profesor e o que os métodos empregados trae consigo. Non podemos actuar coma se as nosas relacións non tivesen ningunha consecuencia persoal só porque non se ven sempre nunha relación estricita entre causa-efecto. É perigoso infravalorar o dano causado por actitudes e comportamentos inapropiados no ensino baixo a desculpa de que eses son temas tan complexos que non hai maneira de abor-

dalos. Tense que poñer en cuestión a ilusión da actitude impersoal que viña favorecendo o ensino tradicional. Non se pode restrinxir-lo papel do profesor simplemente a escolle-los contidos e o mellor método de impartilos, porque ensinar, aínda no ensino tradicional, implica unha relación cos alumnos. É a natureza desta relación a que exerce unha influencia determinante non só sobre o que se aprende, senon maiormente sobre o desenvolvemento persoal do alumno. O xeito de ensinar pode potenciar ou pode afogar certos tipos de comunicación o maneiras de relacionarse. Certos tipos de relación patolóxica poden ser resoltos ou ben se pode da-lo caso de que se reforcen. Os términos analítico e Xestalt para as pautas de conductas máis frecuentes na profesión son:

- Introspección: adoptar sentimentos, valores ou ideas doutros.
- Proxección: negarse a recoñece-los sentimentos propios atribuíndollos ós outros. Por exemplo, acusar de agresividade cando esta sae dun mesmo.
- Retroflexión: asumi-los efectos dunha emoción que se relaciona con outra persoa. Por exemplo dirixi-los sentimentos de agresión contra un mesmo pola vía do autocastigo ou autonegación.
- Confluencia: falta de conciencia das diferencias e barreiras entre un mesmo e os outros, como é o caso de asumir que os outros queren o mesmo ca un.

O xeito de ensinar pode dar ós alumnos máis seguridade en si mesmos e na súa capacidade de expresión ou pode confundilos profundamente. Nesta nova pedagogía xa non somo-los únicos conductores do proceso pedagógico. Tense que ensinar acompañando ós educandos e continuar xunto con eles o noso desenvolvemento persoal. As actitudes e aptitudes que tratamos de obter dos estudantes son tamén parte da nosa evolución persoal. En todo isto ímonos atopar cun eco que nos remitirá sempre á nosa propia formación intelectual e humana.

No marco do ensino tradicional adoitaba ocorrer que o profesor tiña un dominio moi grande da materia a impartir pero estaba acurrulado e illado dentro dese saber intelectual que era inflexible e que moitas veces non se sabía transmitir ós demais. Noutras ocasións o profesor, aínda que dominaba a metodoloxía era mellor na teoría ca na práctica docente. Aínda que as metas educativas sexan válidas e a metodoloxía e as técnicas adecuadas, se existe unha certa dificultade na relación cos alumnos, se non se sabe percibi-lo que pasa con eles, se non se ten capacidade de estar na súa "onda", todo o proceso vai a pique.

A nova pedagogía, ademais de poñer énfase nos obxectivos educativos e na metodoloxía, terá que desenvolver nos docentes esta faceta nas relación persoais. Cando o ensino está enfocado directamente ó alumno, é importante decodifica-los estereotipos na estrutura relacional do profesor porque o profesor está directamente involucrado. Non se pode traballar con outros se un non aprende antes a relacionarse consigo mesmo. Non deixamo-las nosas actitudes e preocupacións persoais atrás cando entramos no noso mundo profesional. O noso modo de ensinar reflexa quen somos. Ten que ver con como nos vemos,

con facernos conscientes do que ocorre dentro de nós cando facemos algo, de entender mellor o noso comportamento e tipo de relación, de darnos conta dos nosos móbiles, das nosas ilusións e ás veces das desilusións que nos acompañan. Trátase tamén dos mecanismos de defensa que activamos, as imaxes que nos rodean, as reaccións que nos frean ou paralizan. É cuestión de experimentala nosa propia maneira de ensinar escoitándonos, non só para conquistar unha mellor autopercepción e autoconhecimento, senón tamén dunha preparación para escoitar ós demais. Facémonos máis sensibles ás necesidades e desexos dos outros, empatizamos con eles e iniciamos un diálogo entre mundos interiores.

A preparación dun profesor para esta nova pedagogía implica un enfoque deliberado sobre o desenvolvemento persoal como condición *sine que non* de favorecer este mesmo desenvolvemento nos alumnos. Isto implica tamén unha disponibilidad e un compromiso grande por parte do profesorado. Nesta profesión na que estamos expostos inevitablemente ante os ollos vixiantes das clases, dos alumnos, dos colegas, dos pais, quizais nos atopemos divididos entre a imaxe que temos de nós mesmos, a imaxe do que quixeramos ser, a imaxe que recibimos de volta directa ou inconscientemente das clases e dos alumnos individualmente, e o que realmente somos. O traballo sobre o desenvolvemento persoal pode cambia-la percepción de nós mesmos. Pode axudarnos a ver as reaccións dos demais como oportunidade para corrixir-la nosa auto-imaxe desde unha perspectiva fresca, sen deixar que se nos derrube a visión global de quen somos. Hanos axudar a afacernos a distinguir entre as mensaxes que se dirixen directa e especificamente cara nós, do que son proxeccións e transferencias, dándonos conta de que é posible reflexar parte da crítica na persoa que o fai desde un movemento de auto-protección. Amplia-la auto-percepción a través da imaxe reflexada polos outros pode contribuír á nosa aceptación de diferencias como profesores.

Aínda que a Administración parece entende-la importancia do profesorado no éxito ou fracaso da Reforma coído que os cursos dirixidos a profesores non atende abondo este aspecto tan importante na súa formación. A psicoloxía moderna e as súas terapias (a Xestalt, a análise transaccional, o psicodrama, etc.) dispoñen de teorías e técnicas que parecen estar no fondo do que a Administración quere que o profesor consiga cos alumnos pero non están sendo postos a disposición do profesor. Nin o profesorado experimentou técnicas de desenvolvemento persoal, nin de dinámica de grupos, e ata que así non sexa non sería xusto esperar que as cousas vaian cambiar nas clases coa soa introducción dunha nova metodoloxía. Este tipo de traballo cos profesores debería ser levado a cabo por especialistas cunha formación profesional, que non é o caso de moitos dos psicólogos que saen das nosas universidades. A psicanálise moderna, explicado en escritos por divulgadores como Alice Miller, dan boa conta de como funciona a represión na psique humana dando lugar a comportamentos neuróticos polos que repetimos involuntariamente o que con nós se fixo. Estes

mecanismos de represión funcionan na nosa maneira de educar. Seguiremos a facer unha pedagogía de adaptación mentres non se interveña conscientemente para fomentar unha pedagogía da liberdade. Cambia-la maneira de face-las cousas non implica un cambio na maneira de ser. Non podemos cambia-la maneira de actuar sen acepta-lo risco de cambiarnos a nós mesmos. A evolución profesional implica unha evolución persoal. Teñen que comprenderse as resistencias que existen en función a este feito. A necesidade de delicadeza na intervención para romper círculos viciosos é tamén evidente. Se se acepta o reto, a rendibilidade do esforzo e a valentía para emprendelo dará o seu froito a tódolos niveis. Os alumnos/as que están en contacto consigo mesmos e coas raíces auténticas do seu ser convértense en seres vitalistas e profundamente creativos. Esta auto-percepción e auto-aceptación do alumno conduce á aceptación e respecto dos outros coas súas diferencias. Unha educación que da lugar ó coñecemento dun mesmo e fomenta a libre expresión non dará lugar ás represións que poñen en marcha un mecanismo de repetición neurótica de pautas de conducta destructivas. Unha persoa que se sentiu valorada polo que é e non polo que ten que ser nin polo que sabe, poderá construír unha sociedade onde os individuos non sexan escravos do consumismo nin de sistemas económicos e sociais que non poñen o ben e o desenvolvemento das persoas no centro do seu afán. Alice Miller describe en *Por tu propio bien*, referíndose á educación na mesma infancia, algo que é extrapolable a todo o sistema educativo: como se reproduce dunha xeración a outra o que se recibiu. O poñer ó alumno como centro do proceso fará que este alumno faga o mesmo cos da xeración seguinte. Para o profesor, o desenvolvemento da súa propia persoa e do seu traballo profesional proporciona novas enerxías, unha renovada satisfacción persoal. A nivel social o efecto, tal e como están as cousas, podería facerse absolutamente necesario para a nosa supervivencia como nación, e mesmo afectar á supervivencia do ser humano.

BIBLIOGRAFÍA:

- DUFEU, B.; *Teaching Myself*, Oxford University Press, 1994.
 MILLER, A.; *Por tu propio bien*, Tusquets, 1992².

SUMMARY: "Each student is the subject of his own learning and not the object of the projects, desires and aims of the teacher nor the social system." Such is the direction of the latest advances in psychology that the Educational Reform in Spain is trying to introduce into the educational system. The rewards in vitality for the future generations of girls and boys and for Galician society as a whole of assuming this Reform in depth and in its true inspiration and spirit will be great: it will develop self-esteem in the student; it will contribute to a process of personal discovery on the part of the student; it is education as the practise of freedom, wakening the needs, desires and interests that the student has inside, his creativity. The most novel aspect of the Reform is its insistence that the teacher "understand the personal and interpersonal dimensions of the educational process," which is precisely one of the most neglected aspects in the courses of in-service teacher training being offered. The importance of insisting on this "opening of this interpersonal world" to education, of decoding stereotypes of teacher and student relational behaviour is the cornerstone of the success of this educational Reform. There is a great necessity to train teachers in the techniques of modern psychology such as Gestalt, Transactional Analysis, Psychodrama and group dynamics.